




ISSN: 1138 - 5863
ISSN-e: 2659 - 9589



SIXTO BARCIA, A. M. (2021). *Letras entre ruelas, redes y arados. Mujeres y cultura letrada en Galicia (siglos XVII-XIX)*. Santiago de Compostela: Andavira, 390 pp. ISBN: 9788412365702.

Letras entre ruelas, redes y arados. Mujeres y cultura letrada en Galicia (siglos XVII-XIX) profunda na cuestión da cultura letrada feminina nunha rexión, a Galicia do Antigo Réxime, na que o forte peso da cultura oral —rica e dinámica— e as limitacións de acceso á cultura formal foron un constante atranco para as mulleres daquela época coma tamén o son hoxe para os historiadores e historiadoras que, pelexando unha continua batalla contra as limitacións da documentación, non se amedrentan no seu cometido de ampliar o coñecemento histórico.

O presente texto é, precisamente, obra dunha historiadora versada, a pesar

da súa xuventude, no manexo da gran variedade de fontes que, de xeito directo ou indirecto, ofrecen pistas máis ou menos claras para o que non é unha tarefa sinxela: o estudo das mulleres galegas na época moderna. Ana María Sixto Barcia é, ademais, discípula dunha escola historiográfica —o grupo de modernistas composteláns iniciado por Antonio Eiras Roel— consistente, asentada no traballo intensivo coas fontes históricas e na importancia da análise multicausal, e experimentada no emprego dun tratamento metodolóxico rigoroso. O traballo en cuestión xorde, en orixe, da tese doutoral da súa autora —máis concretamente, da súa primeira parte—, mais este ensaio, como moitos outros, é o resultado do repouso e da maduración dunha investigación longa no tempo e no espazo, que agora se presenta, liberado das servidumes da salagre literatura académica, nun formato máis divulgativo —incluso ameno— e, tamén, máis reducido.

Secasí, non cabe dúbida algunha de que *Letras entre ruelas, redes e arados* é un ensaio histórico de peso, elaborado dende unha perspectiva científica, cun respecto absoluto polas fontes documentais, analizadas con coidado e sen descontextualizar, e cunha profunda inmersión bibliográfica posible grazas ao amplo dominio, perceptible neste e noutros traballos, que a autora demostra posuír da bibliografía especializada tanto española como europea e americana. Por tanto, non nos atopamos ante unha obra “lixreira”, na que as xeneralidades ou os anecdóticos priman sobre os feitos e as particularidades sobre a norma, senón que a súa lectura revela unha análise nada vaga das posibilidades efectivas das mulleres galegas no

acceso á cultura a finais do Antigo Réxime, sen por iso renunciar a un relato accesible á vez que asentado sobre unha base documental extensa e contrastada.

Compre insistir en que, como xa se sinalou, a autora é filla da escola modernista compostelá, vinculada a súa alma máter, na que Ana María Sixto —discípula da doutora Ofelia Rey Castelao, que prologa o libro— desenvolveu ata o presente unha traxectoria investigadora que evolucionou dende a análise da rede escolar e da alfabetización na vila e terra de Padrón a finais do Antigo Réxime, tema ao que dedicou os seus primeiros traballos, publicados en 2007, cara á preocupación polo estudo das mulleres galegas da época moderna, tanto no ámbito da cultura e a alfabetización, coma no da asistencia e o control relixioso. Neste sentido, o libro ao que dedicamos esta reseña constitúe o selo que referenda a consolidación dunha traxectoria investigadora que ten proporcionado ata o de agora numerosas e interesantes aportacións en forma de artigos en revistas científicas, contribucións en obras colectivas e unha monografía. Esta circunstancia é evidente nesta nova obra, onde se percibe o pouso do bo facer. Deste xeito, o estudo multicausal que realiza, combinando a análise demográfica, económica e social, xunto ao estudo propiamente cultural, permítelle á autora extraer conclusións de maior alcance. Porén, para reconstruír o acceso das mulleres á cultura, acode a fontes de moi diversa natureza, sempre cun tratamento metodolóxico preciso: fontes narrativas de distinta procedencia, censos, catastros e indagacións fiscais, normativas e leis, protocolos notariais, documentación privada e institucional, conservada en arquivos da Igrexa, fontes

estadísticas e documentación de escolas, elaborada por párrocos, mestres ou autoridades, etc. O tratamento metodolóxico das fontes non sempre é sinxelo, como todos os bos historiadores saben ben, e hai que saber interpretar os silencios, as medias verdades, así como a ocultación que moitas veces gardan as fontes documentais, sobre todo, no que se refire ao pasado das mulleres, que deixaron poucos testemuños feitos pola súa man. En suma, o azo e a coraxe na elección do tema obxecto do libro é outro dos puntos a destacar. Se ben os traballos de Serrana Rial e de Ofelia Rey Castelao permitiron que as dimensións sociais e económicas das mulleres galegas sexan ben coñecidas, non sucedía o mesmo co aspecto cultural, aínda pouco explorado. Este traballo vén a resolver moitas dúbidas e a asentar hipóteses que xa foran formuladas respecto das mulleres galegas: laboriosos e infatigables bastións dos fogares de subsistencia ao longo dos séculos modernos.

O tema central do libro non é outro que a relación entre as mulleres galegas e a cultura letrada, oposta esta á cultura oral maioritaria, na que é ben sabido que as mulleres tiveron un papel protagonista como aglutinantes dos saberes tradicionais e como reprodutoras dos mesmos. Pola contra, no eido da cultura formal, no relativo á alfabetización, as mulleres tiveron unha menor presenza, xa que deberon suplir aos varóns —e á súa forza de traballo— nas frecuentes ausencias migratorias daqueles, o que se traducía nun sobre esforzo laboral. Asemade, as taxas de alfabetización masculina presentaron sempre valores máis altos durante todo o período moderno, debido ao carácter selectivo da propia educación, e este fenómeno au-

mentou aínda máis no século XVIII, cando o ensino adquiriu maior consideración social. O efecto inmediato desta deficiencia na aprendizaxe formal, como indica a autora, foi a menor “castelanzación” das mulleres, que empregaban acotío a lingua materna e que apenas contactaban co castelán, cuxa vía de transferencia era a educación formal. Neste senso, as taxas de alfabetización obtidas no censo de 1860 son mostra evidente das desiguais oportunidades formativas de homes e mulleres, xa que os galegos tiñan as taxas de alfabetización máis altas da península, en tanto que as galegas tiñan unha das taxas máis baixas, xunto a outros territorios do norte, como Asturias. Non obstante, este non é o único aspecto que se analiza na obra, senón tan só un deles, pois ao longo do libro trátanse outros moitos temas, como as opinións sobre as mulleres galegas, a súa condición e a súa natureza, o seu carácter e a súa capacidade intelectual, a vida nos claustros femininos, e os contrastes entre a norma e a realidade, ou a labor dos colexios de orfas na protección das mulleres desamparadas.

En efecto, o libro está composto por unha breve introdución seguida de sete capítulos e un epílogo, en total nove apartados, nos que a autora reflexiona, de xeito extenso e concluínte, sobre o acceso á educación tanto das mulleres do común, campesiñas na meirande parte, como daquelas outras pertencentes a sectores sociais máis minoritarios, como o eran os privilexiados, por unha banda, e os necesitados, por outra. Este aspecto debe ser subliñado, xa que a obra non se enfrenta só ás posibilidades formativas habituais, que se centran nos sectores acomodados —dos que conservamos máis testemu-

ños—, nin toma como exemplo a personaxes destacados para debuxar unha norma adulterada, senón que aborda con valentía o estudio do conxunto das mulleres galegas, cos desafíos e incógnitas que isto provoca, así como coa esixencia no tratamento documental que reclama.

En primeiro lugar, tras a introdución, o capítulo que abre o libro busca contextualizar o peso demográfico, así como o papel económico e social que tiveron as mulleres en Galicia ao longo da Idade Moderna, preparando deste xeito o terreo para que o lector poida comprender as continuidades e rupturas que se abordan nos seguintes apartados. Se ben non é un capítulo extenso, está artellado con perspicacia e rescata do esquecemento a algúns dos autores fundamentais —e, por extensión, ás súas obras— para comprender o pasado do Reino de Galicia. A pesar do carácter máis fundamente historiográfico e potencialmente árido deste capítulo —e tamén do sétimo— a lectura resulta áxil pois, en xeral, a obra fuxe das barreiras das publicacións universitarias, cunha coidadosa selección e escolla das notas e referencias bibliográficas, o que lle permiten abrirse a un público máis amplo que o propiamente académico dos especialistas e profesionais da historia.

O segundo apartado analiza as opinións sobre a muller e a súa educación no período moderno. Para isto, a autora empregou fontes narrativas, publicadas no seu momento ou non, que infiren o que se pensaba sobre as mulleres e sobre a súa condición intelectual. A imaxe que emana da literatura relixiosa está lonxe de ser positiva e, pola contra, asocia a figura feminina a toda unha serie de valores e de comportamentos negativos e perigosos

para a moral católica da época. Tampouco mellora a representación das galegas na literatura profana, onde asumen moitos estereotipos satíricos ou vergoñentos, dos que xorde unha imaxe que contrasta radicalmente coa análise que pola mesma época se facía nas memorias e informes económicos, que, pola contra, gababan a forza e o compromiso das mulleres galegas coa súas familias e coas súas comunidades. En canto aos debates sobre a capacidade intelectual e racional das mulleres, faise un repaso dos principais detractores e defensores, pero tomando en consideración o caso galego, polo que se evita a fatigosa repetición que se produce en moitos estudos deste tipo nos que, para falar do caso galego, aluden a pensadores que tiveron escaso ou nulo impacto na Galicia moderna.

Os capítulos terceiro e cuarto están estreitamente ligados, xa que no primeiro se amosan as posibilidades de acceso á cultura letrada, mediante a reconstrución da rede escolar no século XVIII e XIX — antes non é posible pola falta de fontes de información fiables—, mentres que o segundo analiza as figuras dos mestres e mestras e as súas escolas. O máis interesante do capítulo é que analiza o acceso á cultura letrada, tanto de homes coma de mulleres, polo que resulta máis esclarecedor e permite a comparación constante entre as dúas Galicias, a do millo e a do centeo, que tiveron diferentes evolucións, no só no eido cultural, senón tamén no relativo ás estruturas familiares, á propiedade, etc. Así, a Galicia da costa, máis punxante economicamente e máis poboada, promoveu a acción dun maior número de mestres que atenderon a nenos e a nenas, sen distinción, xa que as prohibicións da

coeducación tiveron pouco impacto no Reino, onde os mestres exercían, en maior medida, sen titulación. A metodoloxía empregada non é nova, xa antes outros investigadores, como Margarita Sanz, Ofelia Rey Castelao, Francisco Sandoval Vereá ou eu mesmo, fixeran ensaios similares na actual provincia de Pontevedra, na Estrada, na comarca de Ordes ou nas terras de Arzúa e Melide —e antes aínda noutras rexións peninsulares—, pero hai aquí un esforzo unificador e aglutinante, recompilando distintas aportacións, ademais do traballo propio, polo que Ana María Sixto logra reconstruír no seu conxunto o mapa escolar galego da época moderna. Sería desexable que, nun futuro, a partir de todos os datos reunidos pola autora, este mapa tamén puidese ser cartografado.

As análises realizadas revelan unha evolución positiva no tempo, polo que tanto a escolarización coma a alfabetización melloraron, se ben a progresión non sempre foi lineal. Neste senso, o mundo urbano, escaso no contexto galego, tivo unha evolución máis positiva, produto da maior preocupación da Igrexa e dos poderes locais, así como dos potentados afincados nas cidades, que exerceron como benfeitores do ensino popular. Os efectivos foron escasos, pero a situación mellorou no século XIX, cando se produciu unha transformación cualitativa e numérica. Non obstante, tampouco se poden negar os efectos negativos que tiveron algunhas das medidas lexislativas liberais, que lonxe de integrar a educación, afastaron de forma tanxible os obxectivos do ensino masculino e feminino. O oficio de mestra rural foi moi variable, efecto resultante da propia indefinición da figura mesma. As mestras eran profesionais sen un perfil claro e con infinidade de obrigas, entre as que estaban a protección

da infancia, o ensino das labores “mullerís” e, sobre todo, a transmisión dos dogmas católicos. Era, en suma, un oficio práctico, e non sempre —ou poucas veces— centrado nos saberes letrados, desempeñado por unha variable tipoloxía de mulleres que se vinculou ao ensino como resposta ás necesidades sociais. A “profesionalización” da mestra chegou no século XIX, mais o camiño cara á alfabetización feminina, así como cara á integración das mulleres no sistema xeral de ensino, non foi sinxelo, como tamén amosa a análise dalgúns exemplos relacionados coa mala praxe do exercicio docente.

Os capítulos cinco e seis, a diferenza dos anteriores, analizan o ensino dos sectores sociais minoritarios. No apartado quinto preséntanse as principais vías de formación das mulleres dos sectores acomodados, destacando neste sentido a educación conventual. Os conventos de monxas foron o escenario do ensino feminino da nobreza, da fidalguía e da burguesía do Reino, xa que, ademais da aprendizaxe cultural —difícil de medir—, as mozas disfrutaban da honra e o prestixio que emanaba destas institucións. A difusión dos colexios da Compañía de María no século XVIII e o seu asentamento en Galicia pódese considerar como o primeiro intento de profesionalización do ensino feminino en Galicia, se ben o seu impacto foi moi limitado: só se fundou unha única casa en Santiago de Compostela, que ademais arrastrou continuos problemas económicos. Nun plano completamente oposto, as nenas necesitadas foron obxecto de comiseración, polo que foron recollidas en centros benéfico-sociais que formaban ás mozas atendendo ao que se esperaba das “boas mulleres”. Os colexios e asilos de mulleres, paradigma da caridade católica,

son produtos propiamente modernos. Non todos estes centros tiveron unha evolución similar, tal e como amosa Ana M. Sixto Barcia nesta obra. Algúns bascularon entre a inacción e desaparición, ante a desatención das autoridades e dos seus patróns e administradores. Outros, como o Colexio de doncelas orfas de Santiago, fundado polo arcebispo Sanclemente, conseguiron, en cambio, acadar un espazo importante na Compostela dos séculos XVII e XVIII, aínda que o seu asentamento na cidade foi paralelo á mellora na condición social das internas, de xeito que poucas pobres houbo entre elas.

Os niveis culturais ou de alfabetización son bos indicadores do desenvolvemento acadado en todos os niveis, polo que son moi útiles para avaliar o progreso social. O sétimo e último capítulo do libro resume os resultados acadados nos procesos formativos, presentando os niveis de alfabetización a finais do período estudado. Dado que o proceso é acumulativo, as cifras que manexa a autora correspóndense co momento de maior desenvolvemento, pero aínda así as taxas que presenta son moi baixas, sobre todo no centro e interior de Galicia. Por outra banda, posto que o censo de 1860 é o primeiro que recolle as taxas de alfabetización en España, para coñecer a realidade na etapa anterior —pre-censal— a autora recorre ao tradicional método de medición dos niveis de sinaturas. Non comentaremos aquí as limitacións do método, xa ben coñecidas, pero o certo é que o manexo masivo de protocolos notariais para calcular os niveis de asinantes, ademais de laborioso, é moi útil e ofrece bos resultados polo xeral, sobre todo cando se manexan con experiencia e coidado, eliminando os factores que poden desequilibrar os resul-

tados. Neste apartado, Ana M. Sixto realiza toda unha alegación a favor da historia cuantitativa, serial, e do baleirado masivo de fontes cun tratamento metodolóxico rigoroso. O estudo dos niveis de sinaturas é un labor afanoso, que a miúdo agoira aos novos investigadores, xa que as prospeccións deben ser masivas para resultaren concluíntes, sobre todo cando a análise se aplica ao estudo das mulleres, menos presentes na documentación. A pesar disto, aportan datos moi valiosos, polo que coincidimos coa autora en que un estudo xeral, realizado por un equipo de traballo amplo, podería arrojar luz sobre a alfabetización en Galicia, sobre todo se temos en conta as enormes diferencias comarcais e rexionais que indican os estudos parciais realizados ata o momento.

O epílogo que pecha o libro é unha breve pero interesante aproximación ao mundo cultural situado máis aló do acceso á educación. Neste capítulo, dalgún xeito, respóndese á perentoria cuestión dos conventos como templos do saber feminino, tal e como o foron os seus homólogos masculinos. Porén, analízanse diferentes aspectos da vida cultural conventual para rematar cun breve exame da composición das bibliotecas de dúas grandes institucións femininas do Antigo Réxime. As conclusións, lonxe de presentar activos centros culturais, mostran espazos femininos codificados e pouco orixinais en canto á produción cultural.

En suma, estamos ante unha obra moi recomendable para todos aqueles lectores interesados en saber algo máis do pasado das mulleres galegas e en coñecer as posibilidades formativas que estas tiveron ao longo do período moderno. Se ben o eixe do libro é a cultura letrada, hai nocións de historia da familia, de economía, de estudo

social, etc., imprescindibles para explicar un fenómeno que lonxe de ser lineal é poliédrico e que explica os efectos nocivos que a emigración ou a economía de subsistencia, entre outros motivos, tiveron sobre o acceso das mulleres á cultura letrada.

O exhaustivo estudo realizado por Ana M. Sixto Barcia, enfocado no conxunto das mulleres galegas, recupera contribucións historiográficas clásicas e realiza unha análise histórica seria a partir dunha ampla variedade de fontes primarias. As súas interesantes achegas complementan e amplían as aportacións anteriores tanto da historia da educación —en particular, os traballos de Narciso de Gabriel— coma da historiografía modernista galegas e, xunto con outros estudos referidos a períodos históricos máis recentes —coma os de M. Carmen Benso Calvo e Rosa M. Cid Galante sobre a educación feminina en Ourense no século XX—, iluminan espazos e situacións da educación e a cultura femininas que non foran estudados ata o de agora.

Por último, o libro é unha defensa entusiasta dos estudos rurais, escasos nos tempos actuais, a pesar de que a poboación moderna europea era mormente rural, así como unha chamada de atención a favor historia cuantitativa combinada coa análise textual. Todo isto redunda nun ensaio de rigor científico, pero accesible na súa presentación e nas súas formas, que pretende poñer en valor e dar visibilidade a un conxunto social tan importante como eran —e son— as mulleres —que, antes como agora, constitúen a metade da poboación—, enalzando a súa contribución económica á súa terra e á súa xente.

Fernando SUÁREZ GOLÁN
Universidade de Vigo